

Información sobre a parte B da proba de acceso a 1º G. P.

Curso 22/23

O exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical, parte B da proba de acceso a 1º curso de grao profesional, constará de catro apartados: lectura rítmica, entoación, coñecementos teóricos e capacidade auditiva.

As probas de lectura rítmica e entoación serán individuais e realizaranse despois da proba instrumental. O aspirante terá uns minutos para a preparación destes exercicios. Durante ese tempo o aspirante non poderá empregar axuda de ningún tipo, soamente se permitirá o emprego do diapasón.

As probas sobre os coñecementos teóricos e a capacidade auditiva terán carácter escrito e poderanse realizar en grupos. Ao comezo das mesmas indicárase o tempo máximo para a súa realización. Os aspirantes deberán asistir a estas probas provistos de lapis, goma e bolígrafo azul. Permitirase o uso do diapasón para a realización do exercicio auditivo.

1. Lectura rítmica

Consistirá na repentización dun exercicio en clave de Sol e Fa na 4ª liña, que inclúa cambios de compás con distintos tipos de equivalencia, empregando as figuracións rítmicas reflectidas nos contidos da proba, así coma articulacións e dinámicas.

2. Entoación

Deberase entoar a primeira vista unha melodía en clave de Sol e sen texto que poderá estar acompañada de piano pero sen dobrar a melodía, nunha tonalidade de ata 4 alteracións, con posibilidade de modulación a tono veciño ou homónimo, emprego dos tipos de escalas diatónicas maiores ou menores, pentatónica, hexátónica ou cromática. O tribunal poderá dar algún son de referencia en caso de que o aspirante perda a referencia tonal durante a súa realización.

3. Coñecementos teóricos

Consistirá na resolución dunha serie de exercicios sobre os contidos teóricos. A proba poderá constar de exercicios de identificación ou construción de intervalos en número e especie e a súa inversión, tipos de escalas diatónicas e outras escalas, tipos de acordes e o seu estado, tonalidades, graos tonais e modais, tipos de semitóns, enharmonías e cadenzas, exercicio de análise dunha partitura ou fragmento onde se identifiquen tanto os contidos anteriores coma a súa forma, análise harmónico e identificación de notas estrañas, ou calquera outro exercicio relacionado cos contidos anteriormente indicados.

4. Capacidade auditiva.

Incluirá dúas partes: a primeira constará dunha serie de exercicios auditivos sobre recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas, modos, ditado rítmico, ditado melódico, estruturas harmónicas. A segunda parte consistirá na realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz. Antes de comezar o ditado, o profesorado encargado da proba tocará o La de referencia (440 Hz), o esquema harmónico I-IV-V-I da tonalidade do ditado e o pulso. A continuación interpretará o exercicio enteiro para facilitar a dedución do compás e logo por fragmentos (4 veces cada un). Entre fragmento e fragmento tocarase os enlaces e finalmente poderase escoitar o ditado rítmico-melódico enteiro de novo.

OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE ¹

Contidos

As probas incluírán contidos dos cursos de grao elemental anteriores ao que se accede, incluíndo tanto os de Linguaxe Musical como os de Educación Auditiva e Vocal. Estes contidos están detallados nas programacións didácticas de Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal dispoñibles na web do centro.

Criterios de avaliación

- Executar con corrección fórmulas rítmicas que conteñan as dificultades traballadas nos cursos anteriores ao que se pretende acceder, mantendo o pulso constante, con precisión rítmica e con fluidez na lectura de notas nas claves traballadas.
- Manter o pulso durante períodos de silencio.
- Interpretar con precisión as equivalencias nos cambios de compás e identificalos auditivamente.
- Interpretar con precisión os cambios de acentuación producidas polo debuxo rítmico.
- Entoar, con precisión na afinación, e aplicando as indicacións expresivas presentes na partitura, unha melodía ou canción tonal con acompañamento ou sen el.
- Realizar unha boa emisión vocal fundamentada na respiración costo-diafragmática.
- Identificar auditivamente e reproducir por escrito os ditados de dificultade acorde ao nivel.
- Identificar intervalos melódicos e/ou harmónicos maiores, menores e xustos nun

¹ Extraída das programacións didácticas das materias de Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal

registro medio.

- Identificar auditivamente aspectos musicais como o compás, o modo, acordes, tipos de escala.
- Empregar unha boa caligrafía na escritura musical.
- Expresar por escrito os conceptos teóricos e demostrar a súa comprensión aplicándoos a exercicios prácticos.

Criterios de cualificación e corrección

A cualificación final da proba será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

- **30% Lectura rítmica.** Valorarase o sostemento do pulso, o respecto ao tempo indicado, a precisión rítmica na execución das fórmulas rítmicas, a precisión rítmica nos cambios de compás e equivalencias, a fluidez na lectura en clave de sol e de fa, e a realización das articulacións e indicacións de dinámica e agóxica.
- **30% Entoación.** Valorarase o mantemento do pulso e precisión rítmica, o respecto do sentido ascendente ou descendente da melodía e sucesión de sons iguais, dos arpejos e interválica, do modo maior ou menor, das escalas empregadas, así como a realización dos termos de articulación, dinámicas, agóxicos e de carácter.
- **20% Desenvolvemento auditivo.** Valorarase a correcta identificación dos diferentes elementos rítmicos e intervalos, así coma a discriminación das diferentes tonalidades, arpejos, escalas empregadas, modulacións, se as houberse, e demais contidos relacionados.
- **20% Teoría.** Valorarase o coñecemento dos diferentes conceptos e elementos rítmicos, melódicos, harmónicos, de agóxica, matiz, expresión ou carácter que

interveñen na escritura, lectura e práctica musical, así coma do dominio, acorde ao nivel, da escritura musical na resolución das diferentes tarefas e exercicios propostos.

A puntuación outorgada en cada exercicio ou parte será a que corresponda segundo o grao de corrección da execución ou resposta do aspirante, en aplicación dos criterios de cualificación anteriormente indicados.

RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE LECTURA RÍTMICA					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Lee con fluidez	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Mantén unha pulsación regular	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Realiza a equivalencia pulso=pulso	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Realiza a equivalencia subdivisión=subdivisión	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Realiza con exactitude as fórmulas rítmicas do nivel	0.5	1	1.5	2	2.5
Lee en clave de Sol con precisión	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Lee en clave de Fa con precisión	0.2	0.4	0.6	0.8	1
Realiza as indicacións de tempo, articulacións, agónica e dinámica.	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					

RÚBRICA PARA O EXERCICIO DE ENTONACIÓN					
	Insuficiente	Regular	Bo	Moi bo	Excelente
Realiza o exercicio con fluidez e precisión rítmica	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Entona seguindo a linea melódica	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Afina con precisión as escalas empregadas	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Entona o modo maior ou menor	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Afina con precisión os intervalos	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Precisión na afinación	0.3	0.6	0.9	1.2	1.5
Interpreta as indicacións de tempo, articulacións, agónica, e dinámicas.	0.2	0.4	0.6	0.8	1
CUALIFICACIÓN					

Nas probas onde se avalíen os coñecementos teóricos e a capacidade auditiva, que terán carácter escrito, o valor de cada tarefa ou exercicio proposto figurará no seu enunciado. No caso de que unha tarefa teña varios apartados, o valor da mesma repartirase de xeito que todos teñan o mesmo valor, salvo que se indique o contrario.

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10. Consideraranse positivas as cualificación iguais ou superiores a 5.